

## CANCIÓN DO MAR

Furiosa, apaixonada, descontrolada. Alma xélida, cruel, soberbia. Con ímpeto bate unha e outra vez, insistente, e sen piedade busca a desorde. Ela é cambiante e con tal presteza deixa de arrolarte con agarimo e quietude para arrasar coa túa alma que vagamente intentas escapar da súa ollada, sinistra pero embriagadora. Frío, moito frío, chega a noite. A súa aperta comeza a estrangular o pensamento, onde estás? Non ves nada. Non hai ninguén. Frío. Moito frío. Nese momento lembras aquel momento, o primeiro erro da longa cadea que irrevogablemente trazou a túa senda. Frío. Moito frío. Que é iso? Que escoitas?

### I

O sol parecía non poñerse nos longos días de verán, as gaivotas voaban agardando o despiste dalgún neno que esquecese recoller a merenda e a brisa acariciaba o meu rostro mentres as árbores proxectaban unha sombra o suficientemente ampla como para pasar toda a tarde tombado. A miña maior preocupación? Non quedar durmido demasiado tempo para que ao chegar a casa non me agardase unha boa reprimenda por parte da miña nai.

Naquela pequena vila mariñeira situada na ría de Muros crecín ignorando a crueldade e misterios que azoutan á vida adulta. Cando es neno vives feliz. Sentes que o mundo está aos teus pés e, sen saber moi ben de onde a sacas, atopas a enerxía suficiente para correr e correr ata que o reloxo di que xa é hora de volver á casa. Cando entras pola porta, o agarimo da túa nai enche de ledicia o teu rostro e o humor do teu pai fai que che doa o estómago de tanto rir. Non hai mellor sensación que sentir que o tempo nunca se esgota, que é eterno, mais non o é. O que hoxe semella perenne ao día seguinte desaparece deixando paso a unha brétema fría e espesa que o cubre todo e non deixa lugar ao pranto, só hai silencio. Silencio e soidade.

Pero naqueles tempos todo iso era descoñecido para min. Un neno con gañas de saír e ver mundo, sen caer na conta de que o máis bonito do mundo era aquela vila que me vira medrar. Unhas poucas casas cubrían de vida aquel terreo costeiro onde a auga, cristalina e fresca, batía contra as rochas nas que eu adoitaba deitarme e reflexionar acerca de calquera tema que escapase ao meu coñecemento. Os meus amigos crían que andaba tolo por pasar tanto tempo alí, sen nada máis que o abalo das ondas e a brisa mariña, mais nesa soidade eu atopaba a mellor compañía. Cando comezaba a arrefriar, e a luz do sol xa tornaba a unha cor laranxa, eu abandonaba aquel lugar tan solitario pero fermoso para recorrer toda a vila ata chegar á miña casa. A miúdo paraba ao longo do camiño para admirar a beleza daquelas altas árbores que parecía que nunca deixaban de medrar.

Desexaba ser árbore, para pasar toda a miña vida mirando cara o mar e respirando aquel aire cargado de ilusións e esperanzas, mais a realidade era que soamente tiña como destino herdar o negocio do meu pai, quen rexentaba unha pequena taberna coñecida en toda a ría de Muros polo polbo á feira, especialidade da miña tía. Ese era o meu destino, pero non o meu anelo.

### II

Chegada a adolescencia decateime de que aquela ilusión do tempo eterno non podía ser certa, pois os meus amigos comezaron a marchar ás grandes cidades en busca dun traballo co que poder dar de comer á súa familia. A Guerra Civil deixara marca nas nosas vidas e a pobreza estendeuse por Galicia tan rápido como unha enfermidade acaba con toda a colleita dun ano. Rapaces que apenas cumpriran os dezaseis anos uns meses atrás víanse obrigados a deixar o campo e abrirse camiño nunha España que vivía os duros anos da posguerra. Non foi distinto para a miña familia, a taberna comezou a sufrir perdas importantes, e o meu pai estivo a piques de verse na obriga de seguir os pasos de media vila e pechar o negocio. Mais eu, con dezasete anos recién cumpridos, comecei a traballar unhas horas ao día no pequeno porto da vila. A miña labor non era a máis agradable, pois era o encargado de desenredar as redes, limpar as naves e tirar o lixo. Pero aqueles poucos

cartos que me ofrecían a cambio de mudar a brisa mariña polo olor a peixe podre eran imprescindibles para a miña familia.

Cartos, cartos, cartos. Traballando no porto caín na conta de algo moi importante: o mundo móvese polo diñeiro. É unha realidade dura e crúa, e porén é innegable. Cando hai diñeiro as cousas van ben, mais cando o diñeiro escasea a xente deixa de lado a empatía e a honradez para pasar por enriba de quen sexa, con tal de alcanzar ese papel ao que os seres humanos temos atribuído un moi elevado valor. E xa non só cando escasea, senón que cando posúes moito capital a túa ansia é acadar máis, e máis, e máis. De verdade paga a pena esa perda de humanidade? Renunciar á humildade para coquetear coa codicia?

O problema xorde cando a xente esquece o verdadeiro motivo polo que é importante gañar cartos: vivir unha boa vida e poder coidar dos seres queridos. Cando esquecemos isto e pensamos que a fin do diñeiro é gañar máis diñeiro, é cando un se malogra e perde o verdadeiro rumbo. Pero no meu caso, a busca do diñeiro foi o que me levou a atopar o ben máis prezado da vida, o amor.

### III

A xuventude é intensa e da mesma maneira o son os sentimentos nesa época. Amar non é un verbo que se poida usar lixeiramente, pois me atrevería a dicir que o seu significado é dun calibre moito maior do que calquera dicionario pode soportar. Como definir unha palabra que o abarca absolutamente todo? Caprichoso, voraz, curioso, severo, doce, amargo, quente, frío, furioso, calmado. Amor. Ela.

Dezaioito anos e eu continuaba a traballar naquel porto, un lugar considerablemente tranquilo en verán pero moi duro durante os meses máis fríos do ano. Ao deixar atrás o verán e coa chegada do outono todos no porto parecían prepararse para abandonar a calma e as risas quentes para afrontar a frialdade de outubro, e aquel era só o inicio do que estaba por chegar. Mais aquel día de setembro todo ía ser diferente. Oxalá tivera coñecido a cadea de acontecementos que sucederían a aquela elección.

Durmir no porto era algo habitual para min, pois o meu turno era nocturno e debía permanecer atento toda a noite, aínda así o esgotamento podíame. Esa noite nos meus sonos apareceu unha bela dama. Ela levaba posto un precioso vestido azul celeste, sedoso e longo, enredábase nas súas finas pernas e as transparencias deixaban entrever unha fermosa pel branca coma a neve e fráxil coma a porcelana. O seu cabelo, louro e ondulado, caía polos seus ombreiros coma se fose unha cascada e o seu sorriso podía encher de ledicia o máis xigante castelo. Unha ollada inocente pero salvaxe calou en min xusto no momento no que a bucina dun barco espertoume, e co susto caín. Repentinamente todo estaba húmido, auga, mar.

### IV

Unha voz dócil embriagoume no intre no que sentía como as ondas me arrastraban cara un lugar afastado. Un lugar coñecido para min. Aínda hoxe atopo moita dificultade para discernir a realidade da fantasía. De todas formas, que podemos considerar fantasía? Por que non poden confluír realidade e fantasía? Chamamos fantasía a aquilo que consideramos idílico, ideal, algo ao que aspiramos, tanto que semella surrealista; porén non significa que non sexamos quen de alcanzalo. Se conseguimos culminar eses desexos, non pode ser que a fantasía torne realidade?

Cando recobrei a consciencia xa non estaba no mar, senón naquel bosque que ano tras ano escoitara as miñas inquietudes infantís. Nesas rochas nas que pasei horas e horas abraiado polo misterioso rumor do mar batendo con forza na costa. Entón a vin. A ela. A muller dos meus sonos. Aquela louira de sorriso encantador e aura misteriosa. A única diferenza era que agora estaba completamente mollada, saía daquel furioso mar, baixo a choiva, co cabelo dourado empapado e

o seu vestido axustándose ás súas curvas. Sentou ao meu lado, e advertín na súa travesa ollada azul un atisbo de diversión. Que estaba a mirar aquela misteriosa rapaza?

- Estiveches a piques de afogar – aquela voz calou en min tan rápido coma unha pequena gota de auga impacta no chan tras precipitarse sen posibilidade de volta atrás. Unha voz tan suave e sedosa coma o vestido que deixaba entrever o corpo daquela moza que salvara a miña vida
- Grazas por axudarme pero, quen es ti? – a miña voz denotaba unha inmensa curiosidade reflectida na inseguridade que transmitía e na forma tan apresurada de formular a miña pregunta.
- Non me recoñeces verdade?

Con esas palabras, o rostro da moza cambiou repentinamente e o sorriso desapareceu na medida na que os finos beizos comezaban a debuxar unha liña recta e levantaba unha cella para mirarme con receo. Parecía esixirme unha resposta da que eu non me consideraba quen de contestar. Entón ergueuse e tan rápido como saíra da auga, volveu a somerxerse sen dirixirme de novo a palabra. Eu quedei ensimesmado ata que caín na conta de que aquela rapaza podía afogar, o mar estaba revoltado aquela noite. Corrí cara a auga e saltei, intentei buscar a aquela muller pero non había rastro dela. Era coma si a auga a tivese engulido.

## V

As semanas seguintes a ese suceso foron esgotadoras. En toda a vila correra a voz de que eu estivera a piques de morrer afogado despois de que o mar me arrastrara ata un lugar preto do porto, pero suficientemente afastado coma para poder considerarme moi afortunado de seguir con vida malia ter perdido a consciencia. Eu non me consideraba afortunado, senón covarde.

O medo. O medo é asombroso porque é cambiante, imprevisible, nunca sabes por onde che vai levar. Por un lado arriscas todo canto tes para loitar polo que máis queres no mundo, por medo a fracasar, a quedar coa dúbida e coas gañas, ese medo é o que che da o impulso que precisas para atreverte a facer algo. Pola contra, o medo ao éxito impide que podas culminar os teus desexos, pon barreira tras barreira ata que terminas mergullando os teus anhelos nun mar de dúbidas e indecisión. Foi o medo o que me levou a min a calar a verdade acerca daquela noite. Como explicar que unha rapaza que aparecera nos meus sonos salvara a miña vida antes de desaparecer de novo no mar? Incluso eu mesmo comezaba a cuestionar a miña cordura.

Iso foi ata que, aproximadamente dous meses despois daquel primeiro encontro, a moza de cabelos louros e sorriso embriagador volveu á miña vida. Cando menos o esperas, o destino decide dar xiros que poñen a túa vida patas arriba, pero que bonita é esa vida desenfreada e aloucada.

Aquela tarde de decembro saíra a tomar o aire, pois na miña casa os problemas económicos xerados polas débedas da taberna provocaban unhas disputas continuas das que eu non pretendía ser partícipe. Crucei a vila e advertín a curta distancia que me separaba naquel momento do meu lugar favorito de cando era neno, aquel lugar ao que non voltara dende a noite na que estiven a piques de perder a vida. Sen pensalo, cambiei o rumbo da miña traxectoria e cando me din conta xa me descalzara e a auga do mar chegábame ata os xeonllos. A auga estaba xélida, tan fría que apenas sentía os pés, pero sempre fora así naquel punto da costa galega. Nese intre, co inmenso océano Atlántico abríndose en fronte de min e baixo a luz do sol poñente escoitei unha voz doce, a súa voz. Era ela. Estaba á miña beira.

- Sabía que rematarías por volver – soaba convencida, coma se estivese ao tanto dos meus pensamentos. De primeiras exalteime, pois non sabía o que lle ocorrera tras a súa desaparición, pero despois comprendín que ela non era unha moza normal.

- E logo como estabas tan segura?
- Porque che coñezo perfectamente, eu si que te lembro, Xosé – cando o meu nome saíu da súa boca perdín calquera resto de cordura e comecei a comprender que en efecto, a realidade e a fantasía podían confluír, pois que había de normal en todo aquilo?
- Non entendo nada
- Non lembrabas aqueles tempos nos que non tiñas moitos amigos e por iso viñas aquí, a falar das aventuras que desexabas emprender en canto tiveses os cartos necesarios? Lembrabas as cancións acerca de incursións en illas misteriosas e descubrimentos inauditos que inventabas e cantabas ata o solpor nestas mesmas rochas? Eras un neno que quería ver mundo, tiñas moitas gañas de vivir. Desexabas medrar e traballar como explorador de lugares demasiado perigosos para calquera outra persoa, pero non para ti, ou quizais converterte nun recoñecido investigador que descubriría os segredos que salvarían o mundo, a millóns de persoas. Querías viaxar a países onde non teñen a mesma sorte ca ti, e ofrecer a túa axuda sen pedir nada a cambio. Anhelabas transmitir a tanta xente como puideras todo canto admiras da natureza e as súas intrigas, todo canto imaxinas, o teu coñecemento. Tamén querías ter moitos amigos, tantos que te vises na obriga de mercar máis cadeiras para que puidesen caber na taberna do teu pai. Eras un neno que cría na felicidade. Verdadeiramente o eras.

Cando xirei a cabeza para volver a mirar eses ollos azuis non atopei a ninguén a carón miña. Pero aquelas palabras deixaron na miña alma un vacío que levaba anos aí, pero que nunca notara que existía. Deixaron sobre todo, unha ansia increíble de saciar ese vacío, pois absolutamente todo canto ela dixera era certo. Era coma se me coñecera mellor ca eu mesmo.

## VI

Pasaban os meses e eu volvía a cada momento que tiña libre a aquel lugar a falar coa miña muller misteriosa. Seguía sen comprender realmente o que ocorría, e malia iso atopaba nas breves charlas con ela unha seguridade reconfortante que non coñecera xamais. Era coma se ela soubese todo canto cruzaba a miña mente, e non atopaba explicación.

Din que as cousas máis bonitas da vida non se poden explicar de forma racional, son irracionais, e realmente o son. Nunca lle atopara o sentido a iso de falar sen máis, sen ningún motivo aparente, pero con ela podía pasar horas e horas e o esgotamento nunca chegaba. Era como si a miña alma precisara da súa para poder funcionar, coma se sempre a necesitase e por iso sentira a ansia de acudir a ese lugar que me tranquilizaba e me aportaba seguridade.

Así chegou o verán e vin como a súa beleza ía en aumento e quedei abraiado con tal fermosura. O vestido que ela adoitaba levar volvérase dunha cor moito máis clara, case branca, que casaba perfectamente coa súa pureza. O azul dos seus ollos adquiriu unha tonalidade moito máis intensa así coma a súa mirada penetrante. A voz que eu amaba soaba melodiosa e os seus cabelos brillaban cando a luz do sol acariciaba o seu corpo. Era a máis bela muller coa máis fermosa alma. Pero sempre desaparecía sen deixar rastro antes de que eu puidera demostrarlle nada.

Mais aquela tarde de agosto no vacilei e achegueime lentamente á súa boca. Salgado, moi salgado, e húmido. Húmido pero doce, e salvaxe. Salvaxe e dócil. Lento, e apresurado.

## VII

A ilusión do tempo eterno. Esa ilusión na que cría de neno e que a guerra apartara da miña mente volvera con ela. O tempo pasaba lento, desfrutaba cada segundo e sentía que ambos eramos inmortais nun mundo que vivía a mil por hora. Porén, era unha ilusión. E as ilusións, a diferenza das fantasías, non conflúen coa realidade.

O golpe de realidade chegou cando o meu pai deume a noticia que cambiaría completamente a miña vida. A miña familia atopara finalmente o modo de salvar a taberna e poñer fin ás preocupacións económicas por unha boa tempada, eu casaría o máis cedo posible con Uxía Valdés, a neta dun moi bo amigo do meu avó, quen ostentara un importantísimo cargo militar na Guerra Civil española como alto mando e continuaba sendo un dirixente do exército militar. Os pais de Uxía levaban moito tempo buscando un bo marido para a súa filla, pois sabían que ela non o buscaría por si mesma, e en canto o meu avó parou a saudar ao fillo do seu amigo, naquela rúa de Santiago de Compostela, decatouse de que eu era perfecto para aquel papel.

Uxía era unha moza encantadora, independente, e pronto atopei nela unha amiga incondicional. Pero iso non era suficiente para saciar o desexo da alma. Pese aos meus sentimentos, resultaba imperativo levar a cabo aquel matrimonio concertado, pois del dependía o futuro da miña familia. Ademais non só estaba na obriga de casar con Uxía, senón que tamén debía abandonar a vila e marchar a Madrid, onde o avó da miña esposa ofrecérame un bo posto no exército.

Aínda lembro o día antes da mudanza. Cando volví por última vez ao meu lugar e lle contei todo á rapaza. Eu fun un covarde, o non me atrever a revelarlle ata entón a verdadeira razón pola que me ausentara as últimas semanas. Ela enfureceu, o mar volveuse bravo e as ondas salpicábanme de forma violenta. Unha única bágoa deslizouse polo seu fermoso rostro mentres respondía con tan só oito palabras: “eras un neno con gañas de ver mundo”.

## VIII

A miña vida foi satisfactoria, non podo queixarme de moitas cousas. Como o avó da miña esposa prometera, ao chegar a Madrid atopeime cun traballo impresionante, nunca tivera tanto poder na miña vida en Galicia. Un ano despois tiven ao meu primeiro fillo, Daniel, e despois chegaron Vitoria, Manuel, Xoán e Gabriela.

Eu adoro a miña familia, sempre a quixen e sempre a quereirei, mais é suficiente? Aquelas palabras retornaban unha e outra vez á miña mente: “eras un neno con gañas de ver mundo”. Que esquecera entre todo o éxito? Por que non era capaz de ser totalmente feliz naquela vida perfecta?

Hoxe xa pasou moito tempo dende a primeira vez que sentín o que era o amor, ese ardor que te atrapa e te envelena, e che fai desexar máis e máis, coma se fose unha droga. Xa pasaron concretamente cincuenta anos, pero aquí estou meu amor. Volvín. Aquí estou mirando cara o océano Atlántico, aquí estou nestas rochas que me viron medrar, no lugar que foi o berce dos meus desexos. Aquí estou, e teño que darche as grazas, grazas por obrigarme a facer o que debía. Fixen o que aquí prometín, o fixen! Abandonei a miña vida en Madrid, e gastei os cartos que gañara traballando ata ben entrados os corenta anos en viaxar polo mundo. En ver mundo. Viaxei ós lugares máis recónditos deste planeta, e descubrín a grandeza dos misterios da natureza. Pero tamén reparei en que hai máis beleza nas pequenas cousas que temos diante día tras día que no extravagante e estraño, que non hai lugar máis misterioso e menos explorado que o mesmo fogar.

Quero estar contigo, vou estar contigo por sempre! Furiosa, apaixonada, descontrolada. Alma xélida, cruel, soberbia. Con ímpeto bate unha e outra vez, insistente, e sen piedade busca a desorde. Frío, moito frío e humidade. Pero alí está ela, e te envolve coa súa aberta salgada e doce. Ela é a inmensidade, ela é a ira e o desexo, o medo e a paixón, o é todo. Eu era un neno, un neno con gañas de ver mundo e ela, ela era a Mar.

AMAP